

# Obradoiro de canto coral

## & Conferencia / concerto

con **Javier Busto**

*Proba cantar nun coro: sorprenderaste...*

### Obradoiro

xoves **10**, venres **11** e sábado **12** de marzo  
Antiga Escola de Maxisterio (campus de Riazor)

### Conferencia / concerto

sábado **12** de marzo as **20.30** h  
Igrexa da Venerable Orde Terceira

### Obradoiro de canto coral con Javier Busto

10, 11 e 12 de marzo de 2011  
Antiga Escola de Maxisterio (campus de Riazor)

#### Xoves 10 de marzo

**Obradoiro** de 19.30 a 20.30 h  
**Descanso** de 20.30 a 20.50 h  
**Obradoiro** de 20.50 a 22.00 h

#### Venres 11 de marzo

**Obradoiro** de 19.00 a 20.30 h  
**Descanso** de 20.30 a 21.00 h  
**Obradoiro** de 21.00 a 22.00 h

#### Sábado 12 de marzo

**Obradoiro** de 10.00 a 11.30 h  
**Descanso** de 11.30 a 12.00 h  
**Obradoiro** de 12.00 a 13.30 h  
**Proba de son na igrexa** de 17.00 a 18.00 h  
**conferencia / concerto** 20.30 h na Igrexa da Venerable Orde Terceira  
*Proba cantar nun coro: Sorprenderaste...*

### Repertorio

Hilarión **Eslava**  
*Jesu dulcis memoria*

Luigi **Molfinó**  
*O Sacrum Convivium*

Javier **Busto**  
*A tu lado*  
(texto de Matías Antón Mena)

Javier **Busto**  
*Esta tierra / Paso*  
*Francisco Pino: Poemas*

Julián Jesús **Pérez**  
*Unha vez*  
(texto de Celso Emilio Ferreiro)

Javier **Busto**  
*Rosalía de Castro:*  
*un poema*  
(texto de Rosalía de Castro)

### Presentación

Por segundo ano consecutivo, a Aula de Música da Universidade da Coruña organiza un obradoiro de canto coral. A experiencia do anterior, en que non faltaron momentos de emoción, resultou ilusionante para os cantores e para o público asistente á conferencia-concerto; por isto, unha vez máis quixemos contar co bo facer e a humanidade de Javier Busto, mestre internacional que desenvolve o seu labor coral en múltiples facetas (dirección, composición, ensino...) que avalan unha traxectoria recoñecida en todo o mundo.

Dado o interese que pode suscitar, esta vez queremos ofrecer a actividade a calquera persoa, preferentemente con idades comprendidas entre os 17 e os 30 anos e con coñecementos musicais probados (profesorado e alumnado de música da UDC, de conservatorios, de institutos ou de escolas de música). Contamos coa participación, como coro base, da Camerata Vocal da UDC e o Coro de Cámara da Coruña.

Por motivos de espazo vémonos na necesidade de limitarmos o número de prazas a un máximo de 35. O prezo da matrícula inclúe o xogo de partituras, que se enviará en formato PDF por correo electrónico unha vez recibido o ingreso, coa excepción da obra de Busto titulada Francisco Pino: Poemas, que se remitirá por correo ordinario. Aconséllase o estudo previo do material para un mellor aproveitamento do obradoiro.

Concederáselles un diploma de participación ás persoas que asistan ao 80% do tempo de traballo previsto, polo que se controlará a asistencia.

**Julián Jesús Pérez Fernández**  
Director da Aula de Música

A Coruña 2011  
[www.udc.es/cultura/musica](http://www.udc.es/cultura/musica)



Vicereitoría de Cultura  
e Comunicación  
UNIVERSIDADE DA CORUÑA

### Boletín de inscrición

#### Obradoiro coral con Javier Busto 2011

Apelidos \_\_\_\_\_

Nome \_\_\_\_\_ Data de nacemento \_\_\_\_\_

NIF \_\_\_\_\_ Voz \_\_\_\_\_

Estudos musicais oficiais \_\_\_\_\_

Experiencia coral \_\_\_\_\_

Enderezo postal \_\_\_\_\_

CP \_\_\_\_\_ Poboación \_\_\_\_\_

Teléfono de contacto \_\_\_\_\_

Correo electrónico \_\_\_\_\_

## Prezo de matrícula

Coro base: de balde  
Profesorado e alumnado da UDC: 35 euros  
Profesorado e alumnado externo: 45 euros

**Organiza**  
Aula de Música da UDC

**Colaboran**  
Camerata Vocal da Universidade da Coruña  
Coro de Cámara da Coruña

## Solicitude de inscrición

Até o 15 de febreiro de 2011.

Para realizar a solicitude, as persoas interesadas deben enviar cuberto o boletín que se achega na contraportada por algunha destas vías:


**a** Por correo electrónico: [aula.musica@udc.es](mailto:aula.musica@udc.es)

**b** Por correo postal ao seguinte enderezo:

Aula de Música da Universidade da Coruña  
Casa do LagarCampus de Elviña  
15071  
A Coruña

**c** En man na Casa do Lagar (campus de Elviña). A persoa encargada de recoller as solicitudes é Jorge Cordal, técnico de Cultura da UDC. O teléfono é 981-167000 – extensión 1975.

Unha vez admitida a solicitude, poderá formalizarse a matrícula efectuando o ingreso en Caixa Galicia, a través do impreso azul que se poderá solicitar na Casa do Lagar. Enviarase un exemplar orixinal da partitura de Javier Busto Francisco Pino: Poemas. No concepto indícarase «Obradoiro Coral 2011».



Javier Busto dirixindo na  
igreja da V. Orde Terceira (A Coruña)  
13 de marzo de 2010



Javier Busto



## Javier Busto

Nace en Hondarribia (Gipuzkoa) o 13 de novembro de 1949. É licenciado en Medicina e Cirurxía pola Universidade de Valladolid. Desenvolve a súa actividade profesional como médico de familia en Lezo (Gipuzkoa), posto que obtivo por concurso-oposición do Servizo Vasco de Saúde-Osakidetza.

De formación musical autodidacta, iniciouse na música coral co mestre Erwin List. Dirixiu o Coro Ederki en Valladolid (1971-1976), co que obtivo o terceiro premio no Concurso de Tolosa (1975).

Foi fundador e director do Coro Eskifaia en Hondarribia (1978-1994); conseguiu primeiros premios en Ejea de los Caballeros, Tolosa, Avilés, Tours (Francia), Gorizia (Italia), Spittal an der Dräu (Austria), Mainhausen e Marktoberdorf (Alemaña). Así mesmo, fundou e dirixiu Kanta Cantemus Korua (1995-2007), en Gipuzkoa, coro feminino co que obtén primeiros premios en Tours (1997) e en Tolosa (1999).

Gañou premios de composición en Bilbao, Tolosa, Igualada e Madrid. As súas obras editanse en Suecia (Gehrmans Musikförlag), os Estados Unidos (Walton M.C., Alliance Music Publishers e Santa Bárbara), Alemaña (Ferrimontana e Carus Verlag), o Reino Unido (Oxford University Press) e o País Vasco (Bustovega).

Habitualmente imparte cursos de dirección coral en Guipuzkoa, Vitoria, A Coruña e Ponteareas, Medina del Campo (Valladolid), Madrid, Murcia, Munster-Alsacia (Francia), Pamplona, Segovia, As Palmas de Gran Canaria, Ávila, Pau (Francia), Estocolmo (Suecia), Mérida (Venezuela).

Forma parte de xurados de composición e interpretación coral en Arezzo (Italia), Cieza (Murcia), Cocentaina (Alacant), Debrecen (Hungría), Ejea de los Caballeros (Zaragoza), Griñón (Madrid), As Palmas de Gran Canaria, Mérida (Venezuela), Saint-Léger-Sous-Beuvray e Tours (Francia), Takarazuka (Xapón), Tolosa e Zumárraga (Gipuzkoa).

É membro do comité técnico do Certame de Masas Corais de Tolosa e do Festival de Legnano (Italia). Actúa con frecuencia como director convidado en concertos de destacados coros e en festivais internacionais: IV Simposio Mundial de Música Coral en Sydney (Australia, 1996), Kobe, Osaka e Toquio (1998); Toquio Cantat (Xapón, 2000 e 2002); Americafest International Women's Singing Festival, celebrado en Seattle (EUA, 2001), Estocolmo (Suecia, 2003), Europa Cantat de Barcelona (2003), Elektra Women's Choir de Vancouver (Canadá) (2003), Limburg (Alemaña) (2004), Coro Nacional de España (Madrid, 2004), Coro Lagun Onak de Bos Aires (Arxentina, 2004), Corale Renato Portelli, Mariano do Friuli (Italia, 2004).